



**ORDENANZA Nº III.3 REGULADORA DO
PREZO PÚBLICO POR IMPARTIÇÃO DE
CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES,
CAMPAMENTOS XUVENIS E OUTRAS
ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO
E/OU SOCIOCULTURAS ORGANIZADAS
POLO CONCELLO.**

Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o PREZO PÚBLICO POR IMPARTIÇÃO DE CURSOS, LUDOTECAS, VIAXES, CAMPAMENTOS XUVENIS E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO E/OU SOCIOCULTURAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

Artigo 2º. CONCEPTO:

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público a satisfacer polos usuarios/beneficiarios que voluntariamente soliciten algún dos servizos ou actividades de índole deportivo e/ou socioculturais organizados polo Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, tales como talleres, cursiños, seminarios, excursións, campamentos, viaxes, ludotecas, actividades deportivas, culturais, e demais de natureza análoga, sempre que os mesmos non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios/beneficiarios, e non estean servadas á Entidade Local.

Artigo 3º. OBRIGADOS Ó PAGO:

Están obrigados ó pago do prezo público establecido nesta Ordenanza os usuarios/beneficiarios dos servizos ou actividades prestadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

Artigo 4º. ESTABLECEMENTO E CONTÍA.

1.- O establecemento e contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 47.1 do R.D.L. 2/2004 e artigo 23.2 b) da Lei 7/85.

2.- A estos efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servicio ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o coste do servizo prestado ou da actividade a realizar.

Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos supostos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.

3.- Acordados os prezos de cada servizo ou actividade, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos da súa publicidade.

4.- Con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos en actividades deportivas, musicais, teatrais, etc., a Xunta de Goberno Local, previos os informes xustificativos dos servizos correspondentes, poderá establecer prezos por debaixo do custe do servizo, para o cal deberá terse en conta o establecido no artigo 4.2, parágrafo segundo, desta Ordenanza.

Artigo 5º. NORMAS DE XESTIÓN:

1.- A obrigación do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se preste o servizo ou se inicie a realización das actividades, se ben poderá esixirse o depósito previo conforme ó disposto no artigo 46.1 do R.D.L. 2/2004.

2.- A estos efectos, o obrigado deberá facer a pertinente declaración a fin de que se lle practique a correspondente autoliquidación, conforme ó disposto no artigo 45 do R.D.L.



2/2004, debendo ingresar o importe do prezo público nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello, e sempre antes de do inicio da prestación dos servizos ou actividades.

3.- Conforme ó disposto no artigo 46.2 do R.D.L. 2/2004 cando por causas non imputables ó obrigado o pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Data de establecemento:

PUBLICADO BOP (establecemento): 13/03/07

PUBLICADO BOP (corrección erros): 30/03/07

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (reord ordenanzas):
30/12/2013